



Número 126/2016

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA ESTABLECER UN MARCO DE COLABORACIÓN NA ORGANIZACIÓN DA EXPOSICIÓN CONMEMORATIVA SOBRE A ÉPOCA E A HISTORIA DAS IRMANDADES DA FALA, QUE LEVA POR TÍTULO *SAÚDE e TERRA, IRMÁ(N)S* NAS CIDADES DE PONTEVEDRA E VIGO

Na Coruña a 10 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dona María Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia número 29081 do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Don Xosé Leal Fariña, deputado delegado de Cultura e Lingua da Deputación provincial de Pontevedra, en virtude da Resolución presidencial núm. 2016007829 do 25 de abril de 2016.

MANIFESTAN

1º.-Que as partes asinantes do presente convenio teñen capacidade para subscribir o presente convenio.

2º.- A Deputación Provincial da Coruña ten asinado un Convenio de colaboración nº 37/2016 coa Real Academia Galega e o Museo do Pobo Galego no que se establece un marco de colaboración das tres entidades e as bases e condicións para a organización e montaxe da Exposición *Saúde e Terra, irmá(n)s*, que percorrerá ao longo do ano 2016 os concellos da Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, Ferrol, Ourense e Lugo.

A Deputación Provincial da Coruña é responsable da Dirección Técnica, da Coordinación e deseño desta exposición conmemorativa, así como a encargada da contratación dun servizo de documentalismo, gravación de son con locutores e realización de audiovisual, do seguro das pezas de arte, da fabricación de caixas de embalaxe para as obras de arte e da organización da exposición nas cidades de Coruña, Santiago e Ferrol.

A Deputación de Pontevedra ten a vontade de contar coa exposición conmemorativa sobre a época histórica das Irmandades da Fala, *Saúde e Terra, Irmá(n)s* nas cidades de Pontevedra e Vigo

A Deputación de Pontevedra, atendendo ao establecido na cláusula terceira do convenio nº 37/2016, ten que asumir o custo da organización da exposición en cada unha das súas cidades.

A Deputación Provincial da Coruña, de acordo coas competencias que lle son propias e ao amparo do disposto nos art. 109.1 d) e 118.d) da Lei 5/1997, da administración local de Galicia, está a organizar, en colaboración coa Real Academia Galega e o Museo do Pobo Galego, unha exposición conmemorativa sobre a época histórica das Irmandades da Fala,



Número 126/2016

que leva por título *Saúde e Terra, Irmá(n)s*, inaugurada na cidade da Coruña o 3 de xuño de 2016 e que a partires desta primeira cidade ten contemplado a posibilidade de que a exposición percorra, ao longo do exercicio 2016, as seguintes cidades (Compostela, Pontevedra, Vigo, Ferrol, Ourense e Lugo).

3º.- Que a Deputación provincial de Pontevedra, de acordo coas competencias que lle son propias e ao amparo do disposto nos art. 109.1 d) e 118.d) da Lei 5/1997, da administración local de Galicia, ten a vontade de contar coa exposición conmemorativa sobre a época histórica das Irmandades da Fala, *Saúde e Terra, Irmá(n)s* nas cidades de Vigo e Pontevedra.

5º.- Por todo o exposto, é de interese común que as catro institucións actúen de forma coordinada para acadar o fin sinalado nos parágrafos anteriores e, en consecuencia, acordan subscribir o presente convenio de colaboración que rexerá a cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e a Deputación de Pontevedra, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é definir o marco de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Deputación de Pontevedra, para establecer as bases e as condicións que permitan a organización da Exposición Conmemorativa do Centenario das Irmandades da Fala: *Saúde e Terra, Irmá(n)s* nos concellos de Pontevedra e Vigo

SEGUNDA.- ORZAMENTO

A subscrición deste convenio non supón ningún custo para a Deputación provincial da Coruña.

Non entanto a Deputación da Coruña ten adxudicados os seguintes contratos que derivan do Convenio de colaboración nº 37/2016 suscrito coa Real Academia Galega e o Museo do Pobo Galego:

CONTRATO	PREZO DE ADXUDICACION
Servizos de creación, deseño e coordinación xeral técnica da exposición do Centenario das Irmandades da Fala	14.500,00
Servizos de documentalismo, gravación de son con locutores e realización dun audiovisual para a exposición Centenario das Irmandades da Fala	14.265,90
Servizos de transporte e fabricación de caixas de embalaxe para obras de arte para a exposición <i>Centenario das Irmandades da</i>	20.570,00



Número 126/2016

Fala que inclúe a recollida das pezas en distintas localizacións da xeografía galega para o seu depósito no recinto expositivo da cidade da Coruña e o retorno das mesmas aos prestadores unha vez finalizado o itinerario das exposicións.	
Servizos de desenvolvemento construtivo, realización da moblaxe expositiva e montaxe da exposición Centenario das Irmandades da Fala na Coruña	16.817,91
Seguro "cravo a cravo" para as obras de arte, documentos e demais pezas que compoñen a exposición Centenario das Irmandades da Fala	955,35

O Seguro "cravo a cravo" para as obras de arte, documentos e demais pezas que compoñen a exposición Centenario das Irmandades da Fala, adxudicado na cantidade de 955,35 euros desagregase do seguinte modo:

Cidade	Precio (exento de IVE)
A CORUÑA (Fundación Barrié)	213,03
SANTIAGO (Museo do Pobo Galego)	123,72
VIGO (Fundación Barrié)	123,72
PONTEVEDRA (Museo de Pontevedra)	123,72
OURENSE (Centro C. Marcos Valcarcel)	123,72
LUGO (Museo P. de Lugo. Sala Pazo de San Marcos)	123,72
FERROL (Centro Torrente Ballester)	123,72

A Deputación provincial de Pontevedra asumirá os custos da montaxe da exposición: *Saúde e Terra, Irmá(n)s* en cada unha das súas cidades.

TERCEIRA.- ITININERARIO DA EXPOSICIÓN

- Fundación Barrié (**Vigo**). Do 10 de agosto ao 8 de setembro de 2016
- Museo Provincial de Pontevedra (**Pontevedra**). Do 14 de setembro ao 2 de outubro de 2016
- Centro C. Marcos Valcárcel (**Ourense**). Do 6 ao 30 de **outubro** de 2016



Número 126/2016

- Museo Provincial de **Lugo**. Sala Pazo de San Marcos (Lugo). Do 4 ao 27 de **novembro** de 2016.

CUARTA.- PUBLICACIÓNS RELATIVAS Á EXPOSICIÓ

Todo o material de difusión publicitaria que sexa confeccionado (folletos, carteis, convites...) levarán incorporados tamén os logotipos das tres entidades promotoras da Exposición (Deputación provincial da Coruña, Real Academia Galega e o Museo do Pobo Galego).

QUINTA.- OBRIGAS DAS PARTES

As partes comprométense a arbitrar as medidas precisas para levar a cabo as actuacións concretas encamiñadas a conseguir os fins establecidos no obxecto deste convenio e, para iso, achegarán os medios materiais e os recursos humanos que sexan necesarios.

COMPROMISO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

- A deputación é a responsable da Coordinación xeral Técnica da exposición conmemorativa do Centenario das Irmandades da Fala: *Sáude e Terra, Irmá(n)s*.
- A Deputación Provincial da Coruña poñerá a disposición da Deputación de Pontevedra, do 10 de agosto ata o 2 de outubro de 2016 os seguintes elementos:
 - o As pezas de arte e documentos que compoñen a exposición: *Sáude e Terra, Irmá(n)s*. (segundo a descripción que figura no Anexo I.- Relación de pezas de arte e documentos)
 - o Moblaxe expositiva, (segundo a descripción que figura no anexo II)
- A Deputación Provincial da Coruña ten contratado a póliza de seguro "clavo a clavo", para as pezas da exposición, que cubre desde o momento do embalaxe e saída dos bens das entidades prestadoras ata a súa devolución.

COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

- A Deputación provincial de Pontevedra asumirá todos os custos relativos á organización da exposición: *Sáude e Terra, Irmá(n)s* nas cidades de Pontevedra e Vigo e que inclúe:
 - o Desmontar e recoller no Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela) a partir do día 4 de agosto a moblaxe expositiva e as pezas que compoñen a exposición das Irmandades da Fala para transportala ata Vigo.
 - o Montar a moblaxe expositiva e as pezas que compoñen a exposición das Irmandades da Fala na Fundación Barrié (Vigo) antes do día 10 de agosto de 2016.

Número 126/2016

- Desmontar e recoller na Fundación Barrié (Vigo) a partir do día 8 de setembro a moblaxe expositiva e as pezas que compoñen a exposición das Irmandades da Fala para transportala ata Pontevedra.
 - Montar a moblaxe expositiva e as pezas que compoñen a exposición das Irmandades da Fala no Museo Provincial de Pontevedra (Pontevedra) antes do día 14 de setembro de 2016.
 - Os gastos de embalaxe e as caixas/soportes e/ou materiais, a maiores das proporcionadas pola Deputación da Coruña, que se precisen para o transporte da exposición, así como as tarefas que inciden no proceso de colocación, tanto da moblaxe expositiva como das pezas de arte e documentos que compoñen a exposición.
- A Deputación Provincial de Pontevedra garantirá as condicións de seguridade e a adecuada conservación das pezas de arte e documentos que compoñen a exposición, así como da moblaxe expositiva.
 - A Deputación Provincial de Pontevedra deberá dispoñer dos medios materiais e humanos precisos para a levar a bo fin a exposición ademais, por se fose necesario entre recollida e montaxe de cada exposición, deberán trasladarse a unha cámara de seguridade ou instalacións apropiadas para ser custodiadas as pezas da exposición.
 - A Deputación Provincial de Pontevedra será responsable dos danos que se produzan na moblaxe expositiva durante o traslado, montaxe ou os días que permaneza na Fundación Barrié de Vigo e no Museo Provincial de Pontevedra.
 - A Deputación Provincial de Pontevedra montará a exposición baixo a supervisión do Coordinador da Exposición das Irmandades da Fala.

SEXTA.-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa intención de asegurar o correcto desenvolvemento do presente convenio, poderase crear unha comisión de seguimento na que haberá dous representantes das dúas entidades que serán designados polos seus órganos competentes.

As funcións da comisión serán, no seu caso, as de coordinación e control do grao de realización do contido do convenio, polo que as partes asinantes comprométese a resolver calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓNS.

Toda alteración das condicións tidas en conta no presente convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de autorizacións por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio, previos os preceptivos informes e aprobación polo órgano competente.



OITAVA.- RELACIÓNS LABORAIS

A sinatura do presente convenio non implica relación laboral ou contractual ningunha, nin de ningún outro tipo, entre as entidades asinantes do presente convenio e os profesionais ou traballadores que desenvolvan as actividades incluídas nas actividades previstas. De acordo co anterior non poderá ser esixida responsabilidade ningunha, directa, indirecta nin subsidiaria, polos feitos ou actos que se produzan durante a execución dos traballos que son o obxecto do presente convenio.

NOVENA.-RESOLUCIÓN

O incumprimento total ou parcial das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar á súa resolución.

DÉCIMA.- VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia desde a súa sinatura e consevará a vixencia ata o 31 de decembro de 2016 e, en todo caso, ata o cumprimento do seu obxectivo e das obrigas de cada unha das partes.


UNDÉCIMA.-LEXISLACIÓN APLICABLE

A colaboración formulada por medio do presente convenio de colaboración fundaméntase no disposto no art.3.2 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como no sinalado no art. 55.d da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A solución dos conflitos que puidesen xurdir, con motivo do presente convenio, corresponderalle á xurisdición contencioso-administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia n.º 18872 de 10 de agosto de 2016 .

Leido o presente convenio, atópano conforme e asínanos por cuadruplicado e en unidade de acto, no lugar e data indicados ao comezo

O PRESIDENTE, P.D. A VICEPRESIDENTA E DEPUTADA DE CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	O DEPUTADO DELEGADO DE CULTURA E LINGUA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA
 Mª Goretti Sanmartín Rei	 Xosé Leal Fariña



ANEXO I

RELACIÓN DE PEZAS DE ARTE E DOCUMENTOS QUE SE HAN EMBALAR E TRANSPORTAR:

- Plumiña de Álvaro Cebreiro, Peza miúda, 15 cm de longo, máximo
- Pinceliño de Álvaro Cebreiro, peza miúda, 15 cm de longo, máximo
- Lembranza de primeira comuñón, 10 x 20 cm aprox.
- Diploma manuscrito e asinado por varios amigos dedicado a RVP pola súa voda. AV1225 22 x 30 cm aprox
- Carné das Irmandades da Fala de RVP. AV1201, 10 x 15 aprox.
- Carné da Irmandade Nacionalista Galega de RVP. AV1205, 15 x 25 aberto, aprox.
- Carta de Ánxel Casal a RVP contando da creación da ORGA. AV 11 054, 21 x 30 cm aprox.
- Foliña manuscrita por RVP coa letra do poema *Acción gallega* AV328, 10 x 15 aprox.
- Libriño *A los gallegos emigrados* de Porteiro Garea AV 3 45, 15 x 20 aprox.
- *Teoría do nacionalismo galego*, libro 17 x 24 cm aprox.
- Lentes de Vicente Risco, 10 x 15 cm, aprox.
- Caricatura de V. Risco por Luís Huíci (192?) 36 x 44 cm, enmarcado con cristal
- Fotografía de V. Risco por Augusto Pacheco (192?) 80 x 60, marco de época, cristal
- Manuscrito *Nós, os inadaptados*, de V. Risco, 20 x 15 cm aprox.
- *A muiñeira*, de M. Méndez 36 x 44 cm, enmarcado con cristal
- *Paisaxe*, de Imeldo Corral (192?) 23 x 33 cm óleo con marco
- Mecanoescrito "Notas para un cuestionario sobre embarcacións", de Vicente Risco e Xaquín Lorenzo 15 x 20 cm
- Cenefas e remates debuxados para a revista *Nóspor* Castelao (192?)
- Viñetas e logotipo de *Nós*, por Castelao 36 x 44 cm, enmarcado con cristal
- Selo-carimbo da ING 15 x 15 x 15 cm aprox.
- *Os amantes da Terra*, A Coruña, 1916, folla 21 x 30 aprox.
- Candidatura Nacionalista. Distrito Primeiro. Para concejal, Don Antonio Villar Ponte, A Coruña: Imp. Tomás **cartel** 45 x 65 cm, aprox. Sen marco
- *Arredor de si*, manuscrito autógrafo de R. Otero Pedrayo, caderno, 20 x 30 aprox.
- *Libredón. Recadádiva Galega. Compostela [Cartel] Carteis 655* **cartel** 45 x 65 cm, aprox. sen marco
- *Lea vosté Céltiga* [Cartel] Debuxo de Castelao (Carteis 655) **cartel** 45 x 65 cm, aprox. Sen marco



Número 126/2016

- O *Mariscal* [manuscrito autógrafo e mecanografado] Antón Villar Ponte e Ramón Cabanillas caderno 24 x 32 aprox.
- Dúas ilustracións impresas do tema caliz-dolmen, de Camilo Díaz Baliño, folia 15 x 20 cm aprox.
- Ilustración dun personaxe no cárcere con rotulación manuscrita en letra gótica, a cores, de Camilo Díaz Baliño **folia, ilustración, moi deteriorada: Olo!, 20 x 20 cm aprox.**
- "Mentres o teu machado non tumbe máis que pinos...", de Camilo Díaz Baliño, ilustración, 30 x 40 aprox. Enmarcar
- Carné con fotografía de correspondente de LAR de Camilo Díaz Baliño, folia, 15 x 20 cm aprox.
- Retrato de Asorey fotografía, 13 x 18 cm aprox.
- Retrato de Imeldo Corral bdg_ 13 x 18 cm aprox. Olo: deteriorada!
- Debuxo de personaxe do Mariscal "3ª xornada" 20 x 30 cm soporte
- Carné das Irmandades da Fala pertencente a Antonia Pardo 10 x 15 cm
- Retrato de Ánxel Casal na cadea, por Camilo Díaz (1936). Debuxo en folia papel 15 x 20 aprox
- Folia voandeira: "Habla la mujer gallega" 20 x 30 aprox.
- Francisco Lloréns Díaz. *Valle Esmeralda* (Valle de Barcia). Óleo sobre lenzo – 1912c 71 x 99 cm
- Dúas notas de escola entre Marcial Rodríguez Cebal e Manuel Antonio e Pacto de Sangue de Manuel Antoniotres **papeis de pequeno formato, as tres menores de 15 x 20 cm**
- Cinco recibos de Manuel Antonio de varias entidades políticas... os cinco arredor de 10 x 15 cm
- Manuscrito *Máis Alá!* (1 folia) 20 x 30 aprox.
- Xornal *Galicia*, número solto, pregado á metade 45 x 35 aprox, pregado
- Normas pra unificación do idioma galego. Seminario de Estudos Galegos 1936, **15 x 20 aprox.**
- Arte e galeguismo. Daniel R. Castelao. 1919 cartolina orixinal 30 x 20 aprox.
- A man da santiña. Estrea no pabellón Lino folia, 30 x 15 aprox.
- *Algunhas normas pra a unificación do idioma galego* [1933?] **libro 15 x 20 aprox.**
- *Conto de guerra*. Camilo Díaz Baliño. 1928 **libro 15 x 20 aprox.**
- *Nuestra afirmación regional*. 2ª ed. Antón Villar Ponte. 1916 **libro 15 x 20 aprox.**
- *Discurso do dr. Porteiro ó fundarse a Hirmandá en Santiago* (28-maio-1916) **libro 15 x 30 aprox.**
- *Versos de loita*. Manuel Lugo Freire, 1919 **libro 15 x 20 aprox.**
- *Buserana*. Gonzalo López Abente, 1925 **libro 15 x 20 aprox.**
- *Un olo de vidro*. Castelao. [1922?] **libro 15 x 20 aprox.**
- *Da terra asoballada*. Ramón Cabanillas, 1917 **libro 15 x 20 aprox.**
- *Historia sintética de Galicia*. Ramón Villar Ponte, 1927 **libro 15 x 20 aprox.**

Número 126/2016

- *A man de santiña*. Ramón Cabanillas, 1921 **libro 15 x 20 aprox.**
- *O corazón d'un pedáneo*. Leandro Carré Alvarellos, [192-] **libro 15 x 20 aprox.**
- *Para vivir ben de casados...* Leandro Carré Alvarellos, [191-] **libro 15 x 20 aprox.**
- *Mal de moitos e Trato a cegas*. Euxenio Charlón Arias e Manoel S. Hermida, 1921 **libro 15 x 20 aprox.**
- **ALÉN**. Jaime Quintanilla. 1921 **libro 15 x 20 aprox.**
- *Síntese xeográfica de Galicia*. Ramón Otero Pedrayo, 1926 **libro 17 x 24 aprox.**
- *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos(i)*: [artigo de Parga Pondal] Isidro Parga Pondal, 1927 20 x 30 cm aprox.
- *Del arte gallego*. Alejandro Barreiro, 1917 **libro 17 x 24 aprox.**
- Perfil de Manuel Lugrís Freire en bronce, de Fernando Cortés (1930) 30 cm diámetro x 2 cm espesor.
- Retrato de Antón Vilar Ponte, por Mariano Miguel (1924) Óleo enmarcado, 90 x 60 aprox.
- Caricatura de Antón Vilar Ponte, folla, deteriorada, 37 x 27 cm aprox. Papel tisú e cartafol ríxido
- "Anteproyeito" de Estatuto de Galiza. Galiza, maio do 1931. Seminario de Estudos galegos
- Manifesto da Asambleia Nazionalista de Lugo (páx. 2 e 4). Novembro de 1918. dúas follas, 20 x 30 cm aprox.
- Debuxo "A vaca" (papés de Alexandre Bóveda 8/1) (ca. 1920) **Folla, 47 x 37 cm aprox. Cartafol ríxido**
- Man de Francisco Asorey. Museo do Pobo Galego. Fondo Asorey Peza de xeso, fraxil, 15 x 15 x 5 cm aprox.
- Fotografía de Losada co seu fillo Antucho en marco metálico modernista. 21 x 13,5 aprox.
- Revista *Ilustració Catalana*, 18 x 26 cm
- Caricatura de Losada e autocaricatura de Manuel Quiroga con debuxo de fouce. 10 x 15 cm aprox.
- Violín de Manuel Quiroga doado a Losada Diéguez, con estoxo, 80 x 30 x 25 aprox.
- Pluma que pertenceu a Castelao. Modelo Parker 51
- Insignia do Partido Galeguista, que pertenceu a Castelao (R^oN^a 8735-3) 3 x 3 aprox.
- "Galicia Nai e Señora", de Uxío Souto (1926). 120 x 60 x 52 cm
- "Aos emigrados". Irmandades da Fala, ca. 1920 folla 30x 40 aprox.
- "Falan as Irmandades". Irmandades da Fala, ca. 1920 folla 30x 40 aprox.
- Programa da Asambleia de Lugo. Irmandades da Fala, novembro 1918 folla 30x 40 aprox.
- Táboa "os nosos principios", Irmandades da Fala, ca. 1920 folla 21 x 30 aprox.
- Regramento da Irmandade da Fala..., 1918, 15 x 20 cm aprox.
- Picariña, Francisco Asorey (xeso) 63 x 32 x 35 aprox. fraxil!



Número 126/2016

- Símbolo de identidade de Edicións Nós, cadro enmarcado 30 x 40 aprox.
- Músico Manuel Quiroga", de Santiago Rodríguez Bonome (talla de madeira) 64 x 24 x 18 aprox
- Tinteiro de cristal con testa metálica utilizado por LUGRÍS, 10 cm diámetro, fraxil
- Notas manuscritas para o Vocabulario Galego-Castelán das Irmandades da Fala, 15 x 20 cm aprox.
- Primeiro disco con gravación do Himno galego, 1918, Lugo, Coro Cantigas e aturuxos, 25 de diámetro, Ollol!: moi fraxil, maletín acolchado ou similar.
- "Nube da tarde", Imeldo Corral González (Óleo/Lenzo) 66 x 81 con marco, óleo
- 3 gouaches, Felipe Bello Piñeiro, follas irregulares, 49 x 32 cada aprox. papel tisú e cartafol rixido
- O Mariscal. Dúas fotografías, 48 x 33 aprox. cada, con paspartú. Papel tisú e cartafol rixido
- O Mariscal (Fernando Navarrete)
- Dona Elvira (Honoría Goicoa)
- I Congreso Teosófico Galego (Témpera s/cartolina) Enmarcado, con cristal, 123 x 72, quizais algo máis.
- Pluma estilográfica "Detective" de Camilo Díaz Baliño 15 cm aprox., levar estoxo tipo pluma estilográfica.
- Ara Gael, de Camilo Díaz, debuxo enmarcado, cristal, 57 x 37 cm aprox., pode que co marco sexa algo maior, non indicaron.
- Placa de mámore "Seminario de Estudos Galegos" 19 x 34 cm, Ollol!: fraxil!
- Foto de grupo dos membros do Seminario de Estudos Galegos, Enmarcada, 107 x 84 cm aprox, non sei se as medidas son con marco, cristal!
- Xugo de madeira labrada recollido en Lobeira, 120 cm de longo, non hai máis datos.
- Cartel da Coral de Ruada para a xira por Sudamérica, de Camilo Díaz Baliño.
- Agrupación "Coral De Ruada" Enmarcado, cristal, 70 x 100 cm aprox.
- Lentes de R. Cabanillas 15x 8 cm aprox. estoxo con interior acolchado, tipo lentes...
- Carta asinada por membros das Irmandades da Fala, Ollol!: 20 x 30 aprox. enmarcada, cristal.
- Cartón Postal con Partitura de J. Baldomir e letra de R. Cabanillas (19 de marzo de 1918) 15 x 10 cm aprox.
- Máquina de escribir de Valentín Paz Andrade 35 x 35 x 35 aprox. máquina con estoxo.
- Retrato de Valentín Paz Andrade por Castelao 40 x 40 cm, enmarcado, cristal, pode ser algo maior.
- Caricatura de Castelao por Álvaro Cebreiro, Aprox. 43 x 31, 5 cm, marco, cristal
- Caricatura de Manuel LUGRÍS por Álvaro Cebreiro, Aprox. 43 x 31, 5 cm, marco, cristal
- Nai e fillo, de Eiroa, Peza de granito 80 x 50 x 40 cm medidas aprox. ollol!
- Partitura de Follas Novas de Luís Braxe 30 x 25 cm aprox. Caderniño.



Número 126/2016

- Estandarte de “Queixumes dos Pinos” (1922) 120 x 80 cm aprox., peza delicada, quizais sería bo enrolala sobre un cartón redondo , protexida antes con tisú. Ver antes.
- Retrato de Víctor Casas (Acuarela) Enmarcado, cristal, 40 x 50 aprox.
- Retrato de Ramón Vilar Ponte polo seu fillo Villar Chao.
- Plumas de Antón e Ramón Villar Ponte.
- Pluma de Alexandre Bóveda.
- Manuscrito de Alexandre Bóveda para o Estatuto.
- Carné de Alexandre Bóveda do SEG.
- Ilustración de Castelao para a capa da revista *Mondariz*, 30 x 40 cm con marco, cristal!
- Estatutos dos Amigos da Fala Gallega presentados ao gobernador civil. Caderniño, 20 x15 aprox.
- Carta-nota ao gobernador civil indicando a Irmandade da Fala será en adiante o PG, 20 x 30 cm aprox.
- *Autorretrato*, María Corredoira (óleo sobre lenzo)

Documentos de pequeno tamaño

- Xuramento dos bos e xenerosos
- Carné de Bernardino Varela do Campo
- Carné de Elvira Varela
- Foto redonda de Elvira Bao (para enmacar)
- Foto do velorio de Antón Vilar Ponte
- Foto da bandeira da IF da Coruña
- Pluma de Bernardino Varela embalaxe axeirado, o obxecto conta cunha cixa de cartón.
- Foto das Mulleres republicanas en visita ao alcalde Ánxel Casal
- *Vocabulario Galego-Castelán das Irmandades da Fala*, 15 x 20 cm aprox.



ANEXO II

Dez cabinas-módulos independentes de 2,20 x 1,60 x 1,60 m.

- Constan de instalación eléctrica e de son, por medio de altoparlantes.
- Tamén inclúen unha vitrina con cristal superior de seguridade.
- Tamaño da vitrina: 157 x 50 x 20 cm.
- En nove dos módulos-cabinas haberá un marco dixital con toma de corrente para produción de imaxes.
- No teito das cabinas dispónse de iluminación con focos de led direccionables.
- A iluminación das vitrinas faise con tira de led, reguladas a un máximo de 50 luxes.
- Nos laterais das paredes interiores das cabinas pendúranse cadros con sistema de seguridade para evitar que poidan ser retirados.
- As paredes exteriores das cabinas-módulos constan dunha cara impresa con textos e imaxes e outra disposta para pendurar cadros.

Proxector-canón de vídeo que cómpre instalar dirixido a algún punto das paredes da sala.

Completan a moblase as seguintes pezas:

- 1 planeira de 80 x 150x70 cm., con tapa de cristal de seguridade
- 1 planeira de 120x80x70 cm. Con tapa de cristal de seguridade.
- 1 planeira de 100x80x70cm. Con tapa de cristal de seguridade.
- 1 peaña de 90x70x40 cm.
- 1 peaña de 45X45X70 cm. con campá de seguridade de 45x45x30 cm.
- 1 peaña de 60X60X70 cm. con campá de seguridade de 60x60x80 cm.
- 1 peaña de 50X50X70 cm. con campá de seguridade de 50x50x80 cm.
- Aparato de TDT con lector de USB para conectar ao canón de video.